

Expediente núm.: 331/2026

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares

Procedemento: Contratacións

Data de iniciación: 15/05/202

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVICIOS BAR DA PISCINA MUNICIPAL 2026 POR PROCEDIMIENTO ABERTO E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

1.1 Descrición do obxecto do contrato

Definición do obxecto do contrato:

Tipo de contrato	CONCESIÓN
Subtipo de contrato	DE SERVICIOS
Obxecto do contrato	EXPLOTACIÓN BAR DA PISCINA MUNICIPAL

Necesidade a satisfacer será a xestión, explotación e mantemento do bar da piscina municipal de Vilardevós. Dita xestión leva consigo o control de entrada ao recinto e o seu posterior ingreso da recadación ao concello de Vilardevós.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de concesión de servizos de acordo co artigo 15 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

1.2 División en lotes do obxecto do contrato

Non se contempla dada a natureza e características do obxecto do contrato, o mesmo non é divisible, de maneira que non cabe contratar por separado as prestacións que se integran nun solo obxecto. As prestacións que integran o contrato teñen subsantividade propia, de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada.

1.3 Códigos de identificación das prestacións obxecto do contrato

O obxecto do contrato identifícase cos códigos seguintes:

Código CPV	Descrición
55410000	Servizo de xestión de bares

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto no que todo empresario interesado



poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo de conformidade co que se establece na cláusula oitava

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte:

<http://vilardevos.sedelectronica.gal>

<https://www.contratosdegalicia.gal/>

CLÁUSULA CUARTA. Orzamento base de Licitación

O orzamento base de licitación corresponderase co canon anul a aboar ao concello.O canon mínimo esixible para poder participar e para que a oferta non sexa excluída ascenderá a un canon de 300€

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A **Duración do contrato** será a comprendida entre as datas de inicio e peche da piscina municipal no exercicio 2026 .Estimándose dende o 1 de xullo de 2026 e o 31 de agosto de 2026(ambos inclusive), podendo alongarse a temporada en función das circunstancias climatolóxicas de común acordo entre as partes (Concello de adxudicatario).como máximo dende o 27 de xuño ata o 2 de agosto) .

Cláusula sexta. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Deberán estar ao corrente de pago das obrigacións tributarias coa facenda estatal e autónoma,co concello de vilardevós e coa seguridade social.

A capacidade de obrar , solvencia económica, financeira e técnica e profesional acreditarase mediante declaración responsable , incluída na solicitude ,e mediante a aportación da seguinte documentación:

a) En canto a persoas físicas , mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.

b) En canto a persoas xurídicas , mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso , no Rexistro público que corresponda, segundo o



tipo de persoa xurídica de que se trate.

A proba, por parte dos empresarios, da non concurrencia dalgunha das prohibicións para contratar ,poderá realizarse mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa,segundo os casos.cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable.

Cláusula Sétima. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

7.1 Condicións previas

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

7.2 Lugar e prazo de presentación de ofertas

Opción A: Presentación Electrónica

Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma electrónica a través do Sistema de licitación electrónica (SILEX) de preparación e presentación de ofertas da *Plataforma de Contratos de Galicia (PCG)*, accesible desde a dirección electrónica (https://silex.consellerialdefacenda.es/SLE_Internet/).

A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva presentar, dentro do prazo de 13 días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante, de forma electrónica a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de ofertas SILEX (https://silex.consellerialdefacenda.es/SLE_Internet/ que a *Plataforma de Contratos públicos de Galicia* pon a disposición de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

Por este motivo, para participar nesta licitación, é importante que os licitadores interesados rexístrense, no caso de que non o estean, na citada plataorma.



A oferta electrónica e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electronicamente por algún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Para garantir a confidencialidade do contido dos sobres até o momento da súa apertura, a ferramenta cifrará os devanditos sobres no envío.

Unha vez realizada a presentación, a Ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión, co selo de tempo.

Opción B: Presentación Manual

Para a licitación do presente contrato, *permítese xunto coa presentación electrónica a presentación manual, para facilitar a concorrència.*

As ofertas presentaranse n 9:00 h a 14:00 horas, dentro do prazo de trece días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante.

As proposicións poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico ao correo alcaldia@vilardevos.gal, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrència de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.

7.3. Información aos licitadores

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 138 da LCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, seis días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que dita petición preséntese cunha antelación mínima de seis días respecto daquela data. Dita solicitude efectuarase ao número de fax ou á dirección de correo electrónico previsto no anuncio de licitación.

7.4 Contido das proposicións

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en *dous sobres pechados ou arquivos electrónicos*, asinados polo licitador, nos que se fará constar a denominación do *sobre ou arquivo*



electrónico e a lenda «Proposición para licitar á contratación do CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO BAR DA PISCINA MUNICIPAL DE VILARDEVÓS»a denominación dos sobres é a seguinte:

_Sobre ou arquivo electrónico “A”: Documentación administrativa

_Sobre ou arquivo electrónico “B” : Proposición Económica e Documentación cunatificable de forma automática

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE O ARQUIVO ELECTRÓNICO A **DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

- a) **DNI ou CIF**
- b) **Declaración Responsable do licitador** indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.
- c) **Título de manipulador de alimentos**

A declaración responsable presentarase conforme ao modelo incluído no Anexo do presente prego.

Se varias empresas concorren constituíndo unha unión temporal, cada unha das que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia, presentando todas e cada unha presentar a correspondente declaración responsable.

SOBRE O ARQUIVO ELECTRÓNICO B **PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA.**

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

« _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, _____, núm. _____, con NIF núm. _____, en representación da Entidade _____, con NIF núm. _____, decatado do expediente para a contratación do CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO BAR DA PISCINA MUNICIPAL DE VILARDEVÓS por procedemento aberto, anunciado no Perfil de contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato:



Polo importe de

_____ euros

Limpeza das instalacións dos baños e vestiarios durante os fins de semana (sábados, domingos) e festivos (14 de agosto) **SI OU NON, marque o que proceda.**

Actividades adicionais de lecer e entretememento **SI (INDICAR NÚMERO 1,2,3,4,5) OU NON, marque o que proceda**

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Firma do candidato,

Asdo.: _____.».

E UNHA MENORIA DAS ACTIVIDADES OFERTADAS.

Cláusula oitava. Criterios de Adjudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adjudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

A. Criterios cuantificables automaticamente, puntuaranse en orde decrecente:

1.- Maior canon ofertada : De 0 a 50 puntos.

Para valorar as ofertas correspondentes ao maior canon ofertado, tomaranse en conta as melloras ofertadas polos distintos licitadores respecto do tipo mínimo de licitación.

Mellora =Prezo ofertado-tipo mínimo de licitación.

Atribuindo a maior puntuación á mellora máis alta e proporcionalmente a esta puntuaranse as seguintes ofertas.

Será rexeitada toda oferta que, sexa inferior ao canon de licitación.

2.- Limpeza das instalacións do baños,e vestiarios durante os fins de semana (sábados, domingos) e festivos (14 de agosto) 30 puntos.

3.- O desenvolvemento de actividades adicionais de lecer ou entretememento para os asistentes as instalacións e con carácter gratuito,como pequenos talleres, chincacas, etc.

Para valorar este criterio débese presentar unha memoria que como mínimo describa : a/as actividades propostas, número , duración e unha breve descrición da/as mesma/s .Puntuarase cada actividade proposta que conte co visto bo do concello con 4 puntos cun máximo de 20 puntos.



Cláusula novena. Mesa de Contratación

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que nestes establécense.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

A súa composición publicarase a través do perfil de contratante ao publicar o anuncio de licitación ou ben se fará pública con carácter previo á súa constitución a través dun Anuncio específico no citado perfil.

Cláusula décima . Apertura de Proposicións

A Mesa de Contratación constituirase o primer día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, a as 12:00 horas, procederá á apertura dos *sobre/arquivo electrónico* «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días naturais para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada.

Posteriormente, procederá á apertura e exame dos *[sobre/arquivo electrónico]* «B», que conteñen a oferta presentada.

Cláusula décimo primeira. Requirimento de Documentación

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de:

- .- Póliza de seguro de responsabilidade Civil e xustificante do pago.
- .- Título de manipulador de alimentos (se non foi aportado)
- .- Garantía definitiva do 5% do prezo ofertado.
- .- Alta no réximen de autónomos no epígrafe correspondente.



.- Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, coa Seguridade social , coa Axencia tributaria galega e có Concello de Vilardevós (este último se comprobará de oficio polo concello)

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte , polo orde en que clasificadas as ofertas.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Cláusula décimo segunda. Adjudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Cláusula décimo terceira. Prerrogativas da Administración Municipal.

O órgano competente para contratar de conformidade coa Lei de Contratos do Sector público, en aplicación dos arts. 190 e [ss.](#), ostenta as seguintes prerrogativas:

1.- [Interpretación](#) do contrato administrativo ou no seu caso a resolución de adjudicación e de preséntalas Cláusulas Administrativas particulares que son de obrigado cumprimento e aceptación en todo os seus termos para o adjudicatario.

2.- [Resolución](#) de dúbidas que ofrezca o cumprimento do apartado anterior.

3.- [Modificación](#) na execución do contrato, previa audiencia ao contratista, por razóns de interese público que poidan verificarse de forma obxectiva e sempre que a modificación cumpra as limitacións legais –tempo e contía- para este tipo de contratos e non alteren a natureza global obxecto do mesmo. A modificación realizarase, en todo caso, previa formalización da mesma.

4- A Alcaldesa ou persoa en quen delegue ostenta facultades de inspección das instalacións obxecto do presente contrato.

5.-Acordar a resolución do contrato, previa audiencia ao contratista e determinación dos efectos desta, polas causas establecidas na Lei de Contratos do Sector público, de conformidade coa Lei de Contratos do Sector Publico, de conformidade cos arts. 190 e [ss.](#)

Cláusula décimo cuarta. Obrigacións das partes

Ademais das obrigacións xerais derivadas da natureza administrativa do contrato recollidas na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Publico, son obrigacións específicas do contratista:

1.- Será obrigatoria a apertura do bar e o control de entradas todos os días sen excepción, salvo que o Concello autorice expresamente o seu peche. O horario do bar será o mesmo, que o de apertura e peche das piscinas municipais.

2.- Deberase garantir aos particulares por parte do adjudicatario o uso, goce e seguridade do bar.



3.- O Adxudicatario deberá manter en perfecto estado de limpeza e conservación da zona do bar e terraza, segundo as disposicións vixentes na materia.

Con atención especial deberá cumprir:

- A lista de prezos deberá estar exposta ao público en lugar visible, ter ao dispor dos veciños as follas de reclamacións legalmente esixidas para este tipo de actividade económica. As tarifas teñen natureza de prezo privado.

-Permitir a inspección das instalacións obxecto do presente contrato.

- Indemnizar os danos que se causen a terceiros pola prestación da actividade, para iso deberá subscribir o correspondente seguro de responsabilidade civil- de explotación fronte a terceiros polo tempo que dure o contrato que cubra os danos por risco de incendio, danos ao público asistente e ao persoal laboral que preste os seus servizos no Bar-Cafetería. O capital mínimo que deberá subscribir na póliza ante estes riscos ser a prevista na normativa en función do aforo do bar situado nas piscinas de Vilardevós. Deberá facer entrega ao Concello copia da póliza subscrita e xustificante de abono da prima antes da formalización do contrato.

- Obrigacións laborais e fiscais.

O contratista está obrigado a cumprir baixo a súa responsabilidade o disposto na lexislación vixente respecto a salarios mínimos, previsión de riscos laborais, seguridade social e normas hixiénico-sanitarias e demais normas específicas.

El persoal encargado do servizo de bar-cafetería deberá dispoñer do carné de manipulador de alimentos.

O Concello de Vilardevós queda exonerado de responsabilidade por estes incumprimentos, non xerándose en ningún caso, vínculos laborais entre o Concello e o persoal contratado polo Adxudicatario.

- Non se autoriza a subcontratación.

- O adxudicatario está obrigado a dedicar ou adscribir para a boa execución da actividade os medios persoais e materiais que sexan necesarios.

-Serán esixibles os gastos de reparación polo mal uso dos aparellos existentes no bar.

- Dotar no seu caso do enxoval necesario para a correcta prestación do servizo.

- Deberá estar ao corrente de cantas obrigacións tributarias e de seguridade social correspondan a este tipo de actividades.

- Estar dado de alta no réxime de autónomos, permitindo a alta con data 01/07/2025,co caso de ser o adxudicatario , bastando unha declaración responsable de alta.

- Abonar ao Concello o prezo polo que resulte adxudicatario, que poderá ser mellorado á alza polos licitadores nas ofertas ou proposicións que se presenten.

O total prezo deberá abonarse, en dous prazos:

1º.- Prazo primeiro o 50% do prezo de adxudicación antes do 29 de xuño de 2026

2º.- Prazo Segundo o 50% restante do prezo de adxudicación antes do 15 de agosto de 2026.

O número de conta corrente para facer os ingresos IBAN/BIC ES85 2080 0461 1431 0000 0011 cuxo titular é o Concello de Vilardevós.

- Finalizado o prazo de execución do contrato o contratista deberá entregar as instalacións do bar, en adecuado estado de conservación.

- En xeral colaborase no bo funcionamento do complexo de Piscinas municipais procurando a cooperación co Concello de Vilardevós.



- Levar o control de entradas ao recinto (os tickets serán facilitados polo Concello), a súa recadación que deberá ser ingresada como mínimo unha vez á semana na conta do concello IBAN/BIC ES85 2080 0461 1431 0000 0011 e presentará no concello os xustificantes de entradas vendidas

Obrigacións da Administración.

1. Poñer ao dispor do contratista as instalacións e os medios necesarios para a explotación do bar obxecto do presente prego.

2. Cooperar co contratista para o bo funcionamento do bar das Piscinas Municipais procurando a colaboración mutua que redundará en beneficio dos usuarios das instalacións

Cláusula décimo quinta .Formalización do contrato e garantía definitiva

A formalización do contrato menor poderá ser ou ben mediante documento administrativo ou ben mediante a firma de conformidade do contratista na resolución de adxudicación do órgano de contratación, debidamente motivada.

En todo caso, o acto de formalización realizácese antes de 29 de xuño de 2026.

Con anterioridade ao comezo da prestación do servizo, e previo á sinatura do contrato, o adxudicatario, deberá constituír garantía de definitiva de 5 por cento do prezo final ofertado. A garantía definitiva responderá dos conceptos establecidos na Lei de Contratos do Sector público, de conformidade co art.110. Para a devolución e cancelación da garantía definitiva será de aplicación do art. 111 da Lei anteriormente citada.

Cláusula décimo sexta.Incumprimento e penalidades.

En caso de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso ou demora será de aplicación os artigos 192 e seguintes da Lei de Contratos do Sector Publico, as penalidades imponse polo órgano de contratación e o acto que as dite será inmediatamente executivo e serán efectivas sobre a garantía definitiva.

Cláusula décimo sétima.Resolución do contrato.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público, de conformidade co arts., 211,212 e 2013.

Cláusula décimo oitava.Réxime Xurídico do contrato.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de



2014, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 27.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cláusula décimo novena. Subcontratación

Non cabe a subcontratación

Cláusula vigésima. Reversión

Finalizado o prazo da concesión, o servizo reverterá á Administración, debendo o concesionario entregar as obras e instalacións obxecto da concesión nun axeitado estado de conservación e funcionamento.

Antes da finalización do prazo da concesión e, en consecuencia, antes da reversión, a Administración adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bins verifíquese nas condicións convidadas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



ANEXO I MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dona _____ con domicilia a efectos de notificación en
con NIF _____ e teléfono de contacto _____ , en representación da
Entidade _____ con _____
NIF _____ a efectos da súa participación na licitación da Concesión de servizos do Bar
da piscina municipal , ante o Concello de Vilardevós,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE :

Primeiro.- Que se dispón a participa na contratación da concesión de servizos do Bar da
Piscina municipal do Concello de Vilardevós.

Segundo.- Que cumpre con todos os requisitos esixidos polo apartado primeiro do artigo 104
da Lei 9/2017, de 8 de novembro , de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao
ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello
2014/23/EU e 2014/24/EU , de 26 de febreiro de 2014 para a adxudicación do contrato de
servizos en concreto:

_ Que posúe personalidade xurídica , e no seu caso, representación.

_ Que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

_ Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei
9/2017, e 8 de novembro de contratos do Sector Público e áchase ao corrente do
cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas
disposicións vixentes.

_ Que se somete á Xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para
todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato , con
renuncia , no seu caso ,ao foro xurisdiccional extranxeiro que puidese corresponder ao
licitador (*Só en caso de empresas extranxeiras*)

_ Que a dirección de correo electrónico en que efectuar notificacións é

Terceiro. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai
referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como
adxudicatario do contrato ou en calquer momento que sexa requerido para iso.

DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:

.-DNI, NIF, PODER DE REPRESENTACIÓN , ESCRITURA

.- TITULO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS

E para que conste, asino a presente declaración.



ANEXO II PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA.

CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS BAR DA PISCINA MUNICIPAL 2026 POR PROCEDIMENTO ABERTO E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

_____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, _____, núm. __, con NIF núm. _____, en representación da Entidade _____, con NIF núm. _____, decatado do expediente para a contratación do CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO BAR DA PISCINA MUNICIPAL DE VILARDEVÓS por procedemento aberto, anunciado no Perfil de contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato:

Polo importe de

_____ euros

Limpeza das instalacións dos baños e vestiarios durante os fins de semana (sábados, domingos) e festivos (14 de agosto) **SI OU NON, marque o que proceda.**

Actividades adicionais de lecer e entretenemento **SI (INDICAR NÚMERO 1,2,3,4,5) OU NON, marque o que proceda**

SE ADXUNTA MEMORIA DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS E OFERTADAS

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Firma do candidato,

Asdo.: _____.».

